


A. IGLESIA ALVARIÑO

LANZA DE SOLEDA

(Premio de Poesía Marina 1960)

ORENSE
LA EDITORA COMERCIAL
1961

latinos. Na versión dos *Carmina* de Horacio, en 1951, demostra un flexible dominio das equivalencias, con logrados acertos. Destaca tamén a súa sensibilidade interpretativa na tradución de *Aulularia*, de Plauto, co título de *A comedia da oliña* (1961). Ver-teu ó galego, igualmen-

Portada de *De día a día*, de Iglesia Alvariño.

◀ *Lanza de soledá* publicouse en Ourense.

te, *Galicense Carmen*, de Venancio Fortunato; un idilio de Teócrito, co título de *As meigas*; a elexía de Tibulo *A saudade do enfermo* e varios textos de poetas franceses.


Outra faceta importante do seu traballo é a de crítico, ensaísta e lexicógrafo. Colaborou con centenaes de artigos nas páxinas literarias dos xornais e nas revistas peninsulares e estranxeiras. Iniciouse nese campo co estudo *Noriega Varela, poeta da montaña*. Realizou achegas nas obras completas do poeta cambadés Ramón Cabanillas, coa investigación *Lengua y estilo de Cabanillas*. Publicou ensaios sobre a saudade, Otero Pedrayo, a obra poética de Eduardo Pondal e os poetas do norte de Lugo. Analizou, ademais, a lingua de Rosalía de Castro e Curros Enríquez. En *Historia de Galiza*, que vira a luz en Bos Aires baixo a dirección de Otero Pedrayo, colaborou cun tratado monográfico sobre o idioma galego. Investigou o pensamento lingüístico do padre Sarmiento e enfrontouse cos problemas da lingua, pero a súa máxima achega ó estudo filolóxico quedou concretada nas miles de papeletas do seu dicionario, con etimoloxías, notas históricas, fenómenos fonéticos e normas sintácticas, obra de singular valor para a lexicografía. (Benito Varela Jácome *et al.*)

IGLESIA Y DAVIÑA, Marcial de la. Naceu na cidade da Coruña en 1888 e faleceu en Bos Aires en 1951. Pintor e debuxante ó principio, posteriormente centraría a súa atención na literatura e no xornalismo, que exerceu en *Coruña Moderna* e en *El Eco de Galicia*, así como nas publicacións madrileñas *Mundo Gráfico*, *Informaciones* e *Gaceta de Bellas Artes*.

Estableceuse en Portbou (Xirona) e alí fundou, en 1924, o xornal *Tramontana*, que lle ocasionou algúns problemas. Máis tarde, residiu durante algún tempo en Madrid e, froito da súa estada neste lugar, viu a luz o libro de contos *La Puerta del Sol* (Bos Aires, 1930), con ilustracións propias. Finalmente, asentouse na capital argentina. Pertenceu á redacción de *El Correo de Galicia* e colaborou noutros órganos de prensa. As súas obras teatrais *Noche de amor y misterio* e *De fiada* estreáronse en 1935 en Bos Aires, onde tamén se representou a zarzuela *El estudiante de Compostela*, con música dos mestres Hermo e Palacios.

IGLESIA GONZÁLEZ, Antonio de la. Naceu na cidade coruñesa de Santiago de Compostela, en 1822, e faleceu na Coruña, en 1892. Cursou Latín e Humanidades na urbe compostelá e, posteriormente, Maxisterio en Madrid. Fundou a Escola Normal de Maxisterio coruñesa, dirixiu a da súa cidade natal e foi inspector

de ensino primario. En colaboración co seu irmán Francisco, creou *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1862-65), publicación que dirixiu e na que viron a luz os dous traballos seus de maior mérito, "Reseña stórica de Galicia" (1861), primeiro texto en galego desta materia, e "Diccionario gallego-castellano" (1863), primeira recompilación lexicográfica galega que o seu autor, Francisco Javier Rodríguez, deixara manuscrita e sen ordenar. O máis importante do seu traballo foi, sobre todo, a preparación e publicación de *Álbum de la caridad* (1862) que, a carón das composicións premiadas nos I Xogos Florais contemporáneos, desenvolvidos na Coruña (1861), nos que actuou como secretario, recolleu "Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos". Representa, en realidade, a primeira antoloxía da poesía galega –tamén castelá– publicada en libro. A obra *El idioma gallego: su antigüedad y vida* (1886), en tres tomos, ten o valor histórico de dar a coñecer en Galicia as primeiras mostras dos cancioneros medievais, ó incluír composicións tomadas do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, publicado en Portugal (1878) por Teófilo Braga.



Un libro de Antonio de la Iglesia González.

Convén subliñar tamén o feito de que Antonio de la Iglesia fose un dos primeiros en observa-la necesidade de crear unha academia, sen esquece-las súas numerosas composicións en galego, espaxadas polos xornais da época, que, a pesar da súa pobreza literaria, contribuíron no seu día á difusión do idioma. (Xosé María Dobarro Paz)

IGLESIA GONZÁLEZ, Francisco María de la. Mestre e poeta que naceu na cidade coruñesa de Santiago de Compostela en 1827 e faleceu na Coruña en



Retrato de Francisco de la Iglesia González.

1897. Cursou os estudos de Maxisterio, profesión que exerceu durante toda a vida na súa urbe natal, onde tamén foi profesor da Escola Normal. Tivo unha gran preocupación por todo o referente a Galicia, cunha dedicación especial á arqueoloxía, á agricultura, á literatura e ó fomento das actividades culturais en xeral. Neste último aspecto sobresaí a fundación de *El Diario de Galicia* (A Coruña, 1856), publicación que tamén dirixiu; a da agrupación El Folk-Lore Gallego (1883), que presidiría Emilia Pardo Bazán; e a da Asociación Regionalista da Coruña (1891); así como a súa colaboración en *Galicia. Revista -niversal de este Reino* (1862-65), da que tamén foi o seu editor responsable, e tamén participou en *O Vello do Pico Sagro* (1860), primeira revista escrita integramente en galego.


No aspecto literario convén destaca-la súa obra *A fonte do xuramento* (1882), primeiro drama do Rexurdimento, e a súa actividade poética, xa que foi un dos poetas prerrosalianos máis prolíficos, xunto con Pintos. O padre Placer, o mellor coñecedor da vida e da obra deste autor, afirma que se viu na obriga de iniciar-la literatura dramática galega despois dos seus infrutuosos intentos para animar a outros nesta tarefa. *A fonte do xuramento* estreouse no Liceo Brigantino da Coruña o 13 de agosto de 1882 e acadou tal aceptación que tivo que representarse novamente dúas semanas máis tarde. No mes de outubro dese mesmo ano ofreceuse outra posta en escena e apareceu impresa. Trátase dunha peza de costumes en dous actos e en verso, ambientada en Mera, na parroquia de Maianca, das Mariñas coruñesas, cun final didáctico moralizante e a temporalidade da acción desenvólvese en 1862.

Dentro da literatura dramática iniciou tamén o teatro lírico coas súas obras *Gallegos. ¡A nosa terra! Escena coral en verso en un auto* (1879) e *Os árbabros. Escena orfeónica* (1889), un canto ós celtas que se opuxeron a Xulio César, ámbalas dúas con música de Pascual Veiga. Deixou en borrador unha zarzuela (*O último brindes. Zarzola nun auto*), sobre a francesada de Padrón, e un drama que tratou da guerra carlista (*O bordón salvador. Drama en dous actos*). Coñécese tamén o título dunha comedia de costumes na que traballou durante os últimos anos da súa vida, *As trulas de San Xuan, ou as enguespas das mocedades nas aldeas de Galicia* (1891).

Como poeta, deixou manuscritas ou impresas nas páxinas dos xornais máis dun centenar de composicións, gran parte delas recollidas polo seu irmán Antonio no *Álbum de la caridad* e outras atopadas nalgunhas publicacións como *Diario de La Coruña*, *El Defensor de Galicia*, *El Heraldo Gallego*, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, *Galicia. Revista Regional*, *O Tío Marcos da Portela*, *Galicia Humorística*, *O Novo Galiciano* ou nas dúas antoloxías máis importantes dese momento, é dicir, en *Colección de poesías gallegas de varios autores*, de Francisco Portela Pérez, e en *El idioma gallego: su antigüedad y vida*, de Antonio de la Iglesia. Unha porción importante da súa produción foi recompilada polo padre Placer no libro póstumo *Do mar e da terra* (Madrid, 1930), no que non segue ningún criterio cronolóxico, senón unha pauta propia. Era un fácil versificador e escribiu poemas de todo tipo (costumistas, patrióticos, de denuncia, de circunstancias, etc.), algúns deles para ser cantados e que lles puxe-

ron música mestres como Areal, Castro ou Pascual Veiga, destacando a coñecida alborada deste último. Da súa obra destaca a composición "Galicia" (1861), coa que acadou o primeiro premio nos Xogos Florais da Coruña. (Xosé Manuel Dobarro Paz et al.)

IGLESIA HERNÁNDEZ, Pedro. Veterinario nacido en Oncala (Soria) en 1922. Realiza os seus estudos na Facultade de Zaragoza (1946) e exerce a profesión, durante doce anos, na localidade soriana de Berlanga de Duero. En 1959 ingresa, por oposición, no Corpo Nacional Veterinario e destínanlo a Alacante como inspector provincial.



Pedro Iglesia Hernández, veterinario.

Chega á comunidade galega en 1962 como xefe do Servizo Provincial de Gandería de Pontevedra e, ó ano seguinte, pasa, co mesmo cargo, ó de Ourense. Durante a súa estadia na provincia ourensá exerce o posto de director do Centro de Selección e Reprodución de Gando Bovino de Fontefiz (Coles), é durante algún tempo inspector provincial de Sanidade Veterinaria, así como delegado técnico para Galicia da Xunta Coordinadora para a Mellora Gandeira. Bo coñecedor dos temas gandeiros do país, é asesor da Caixa de Aforros de Ourense nesta materia e mantén semanalmente "Páxina ganadera" no diario *La Región*. Impulsa o Centro de Inseminación Artificial de Fontefiz e crea outros postos secundarios e de aplicacións en distintas zonas da provincia. Á parte da selección e mellora da raza rubia galega con sementais de calidade, traballa por implanta-la pardo-alpina na metade oeste de Ourense, ó tempo que se incrementa a produción cunha metódica absorción por cruzamento coas vacas



Un libro de Francisco María de la Iglesia.